



María Álvarez Landesa: "Tentamos reter a infancia como un espazo seguro ante unha persoa que vai marchando"

No poemario 'Os pozos elegantes das clavículas', editado por Alvarellos, a autora rende homenaxe á súa nai

O libro inclúe un código QR onde escoitar a autora recitando algúns dos poemas sobre as bases musicais de Paco Dicenta

G24.gal 21/03/2025

<https://www.g24.gal/-/-maria-alvarez-landesa->

Lambiamos polo de limón. De limón, de limón. E rompían a cantar os grilos co frío que nos queimaba na lingua. Son versos de María Álvarez Landesa. Hoxe, Día da Poesía visítanos aquí no plató co seu último poemario: 'Os pozos elegantes das clavículas', editado por Alvarellos.

A música ou olor, un arrecendo a limón, a Nivea, a amorodos, a fentanilo, a crema de mans, ou olor dunha nai "que habita aínda na bata fucsia que adoitaba poñer". Foi nese momento, con esa bata de súa nai, Carmen, nas mans, cando María Álvares Landesa soubo que tiña que escribir este libro, afondando no proceso de perda dunha nai.